

María Álvarez de la Granja / Vítor Míguez (eds.) (2023): *Perspectivas sobre a escrita académica en galego. Estudos baseados no corpus CORTEGAL de textos escritos por estudantes*. Santiago de Compostela: Edicións USC. Anexo 84 de *Verba*, 357 páxs.

María Álvarez de la Granja, profesora do Departamento de Filoloxía Galega da Universidade de Santiago de Compostela e investigadora no Instituto da Lingua Galega, edita este volume, Anexo 84 da revista *Verba*, xunto a Vítor Míguez Rego, tamén docente e investigador da USC e ILG respectivamente. Álvarez de la Granja ten publicado investigacións especializadas no eido do estudo do léxico e da elaboración de corpus textuais como «Os problemas léxicos e semánticos en *CORTEGAL*, Corpus de textos galegos escritos por estudantes no ámbito académico» (2023), no que introduce algunhas das problemáticas que se desenvolven polo miúdo na presente obra no que respecta á elaboración e creación do corpus *CORTEGAL*, alén doutras achegas sobre o estudo lexicográfico e sobre a fraseoloxía dende finais dos anos noventa. Pola súa parte, Vítor Míguez é autor de artigos sobre a lingua galega, incluída a elaboración de corpus como «Unha mellora do *CORGA* extrapolable a outros corpus e linguas: a etiquetaxe da nomenclatura científica binomial» (2022).

A monografía *Perspectivas sobre a escrita académica en galego. Estudos baseados no corpus CORTEGAL de textos escritos por estudantes* consta de sete capítulos, sobre os que realizaremos un breve comentario nesta recensión, e unha introdución en que se fai unha presentación do propio corpus elaborado polo ILG e a USC e na que se achegan indicacións sobre os obxectivos do proxecto e a finalidade didáctica que debería ter esta nova ferramenta para o idioma galego e o seu ensino nas aulas.

Os capítulos que conforman o volume centran o obxecto de estudo nos diferentes planos lingüísticos sempre empregando as mostras recollidas no corpus *CORTEGAL* como base para a investigación. Deste xeito, aspectos como as desviacións con respecto ao estándar no plano ortográfico, sintáctico e semántico (entre outros) son analizados para reflectir o actual dominio do galego normativo no ámbito académico e na produción de textos formais do alumnado de educación secundaria de Galicia ao finalizar os seus estudos de bacharelato. Xa que logo, como resultado das diferentes conclusións ás que chegan as autoras e autores dos diversos estudos, é posible coñecer a competencia comunicativa a nivel escrito e o uso de formas non estándar que son máis recorrentes nos textos, así como os planos lingüísticos que sofren máis alteración con respecto á norma escrita. O volume conclúe cunhas páxinas finais que serven de índice das táboas, gráficas e figuras que se mostran en cada unha das investigacións.

O obxectivo deste volume é duplo. Por unha banda, pretende ser unha obra (é unha fonte) de referencia para o profesorado de secundaria de Galicia, dado que a propia consulta permite observar os textos do alumnado no seu estado orixinal e, ao mesmo tempo, coas correccións aplicadas segundo o estándar escrito. Por outra banda, a partir das investigacións que tomaron como referencia o corpus *CORTEGAL*, foi posible describir e explicar os problemas máis frecuentes que

afectan ao alumnado de segundo de bacharelato. A pesar de que este volume non achega propostas didácticas concretas para o ensino da lingua galega, si que contén moitas reflexións sobre as posibilidades na aula e recomendacións como o uso de *CORTEGAL* como inicio para a aprendizaxe guiada por datos ou, simplemente, como guía para ser coñecedores dos erros máis recorrentes e poder afondar no seu tratamento dentro da aula. Así, chegan a unha primeira aproximación para enumerar desviacións máis frecuentes como transferencias do castelán, problemas de adecuación, agramaticalidade nas estruturas lingüísticas ou a pobreza léxica.

O primeiro capítulo titulado «*CORTEGAL, Corpus de textos galego escritos por estudantes no ámbito académico*. Deseño do corpus e caracterización dos textos» foi elaborado pola propia María Álvarez de la Granja e Reyes Rodríguez Rodríguez e céntrase nas explicacións do proceso de obtención de mostras para a creación do corpus *CORTEGAL*.

En primeiro lugar, concretan que o corpus está formado por un total de 1000 producións escritas realizadas como parte da proba das ABAU que corresponde á avaliación da materia de Lingua galega e Literatura. Os ditos textos son comentarios críticos, textos argumentativos en que o alumnado debe achegar a súa opinión sobre un determinado tema proposto pola comisión avaliadora da CIUG. Desta escolla decidiuse excluír ao alumnado con necesidades educativas especiais por teren unha proba adaptada e outros parámetros de elaboración e corrección axeitadas ás súas diversidades. Salvando esta circunstancia, o resto do total da mostra foi escollido aleatoriamente, pero tendo en conta o maior número de persoas presentadas na convocatoria de xuño, optouse por seleccionar o 89,8% dos textos desta convocatoria fronte ao 10,2% da convocatoria de setembro. Dado que os temas posibles para a elaboración do comentario eran dous por convocatoria tamén se repartiu cun 44,9% e 5,1% por tema e convocatoria.

En segundo lugar, as investigadoras comentan o proceso que se seguiu para a elaboración de *CORTEGAL* dende o escaneado ata a revisión xeral do corpus con especial atención á creación e establecemento de etiquetas e a tokenización. A teor desta cuestión, é importante salientar a codificación das formas non estándar e o dobre proceso de etiquetaxe destes desvíos con respecto á norma e a corrección con propias formas esperables para o estándar culto escrito. Ademais, dan conta de que en certas mostras optaron por omitir información de estandarización por non seren formas propias do sistema galego no plano formal.

Por último, as autoras establecen as distincións entres seis niveis para distinguir o plano lingüístico ao que afecta unha determinada forma desviada. Deste modo, o corpus está dividido no plano ortográfico para os erros que afectan á acentuación, uso de minúsculas e maiúscula etc. morfolóxico para as alteracións de xénero, número, flexión verbal...; léxico para palabras que presentan erros que van máis aló da simple ortografía; a sintaxe, selección de tempos ou usos rexidos de preposicións no eido gramatical; significados non adecuados ou impropios do galego para o que respecta á semántica; e un mal uso de puntuación e/ou conectores textuais, observación da complexidade e comprensión dos textos no plano discursivo.

María López Sánchez e Lara Lorenzo-Herrera dedican un capítulo do volume á análise da acentuación gráfica para observar as principais dificultades e erros máis frecuentes na produción escrita do alumnado. As conclusións ás que chegan as autoras sinalan que, se ben cuantitativamente, o número de erros por proba non é moi elevado en cada un dos textos (media de 3,09 erros na acentuación por texto); si que é notable que afecte a un total do 84% do alumnado. Ademais, tamén é moi notorio que o 81% das desviacións se poidan atribuír a interferencias do castelán, xa que son as convencións acentuais que diferencian as linguas (adverbios rematados en mente, ditongos decrecentes ou pronomes e determinantes) as que son máis recorrentes. Contra isto, a recomendación é aplicar o Tratamento Integrado de Linguas (TIL) como opción didáctica que tente paliar estas deficiencias. Un texto verdadeiramente interesante para poder centrar os esforzos nos erros máis comúns.

Álvarez de la Granja é autora dun capítulo titulado «O léxico non estándar en CORTEGAL» centrado na análise das principais desviacións que afectan ao uso do léxico. Dende unha perspectiva cuantitativa e cualitativa clasifica estes erros segundo sufran alteracións na propia palabra ou se, pola contra, só se trata de modificacións no xénero ou na acentuación de sílaba. Cun total de 3025 expresións non estándar, o plano léxico é o que resulta máis afectado, só superado polas cuestións discursivas (puntuación). A meirande parte das desviacións do léxico teñen orixe nunha coincidencia co español (71,77%), seguidos, en menor medida polos calcos (17,89%) e hiperenxebrismos (3,54%). Substantivos, adxectivos e verbos resultan as clases de palabras máis afectadas e, segundo a investigadora, este tipo de erros poden aparecer por mor dun descoñecemento da normativa escrita. De novo, faise mención á necesidade de aplicar o TIL como medida didáctica que axude a mellorar o sistema de ensino de linguas.

O terceiro capítulo «A posición do pronome persoal átono con formas verbais finitas no corpus CORTEGAL» é unha investigación de Xosé Antonio Fernández Salgado que analiza exhaustivamente se o alumnado realiza unha colocación do pronome átono acorde ao esperado co galego estándar. No inicio, o autor establece unha comparativa entre as linguas da contorna no que respecta á énclise e próclise dos pronomes segundo as diferentes estruturas oracionais. Unha das problemáticas que sinala Fernández Salgado é a aceptación de determinadas estruturas sintácticas a nivel oral que non son as aceptadas no estándar escrito para casos de focalización e tematización. Os 1578 resultados analizados amosan que hai unha maior presenza da próclise (64,8%) fronte á énclise (35,1%) en contra do esperado pola posición non marcada no idioma galego. Non obstante, segundo indica o autor, a causa desta elección reside nas características do texto expositivo-argumentativo, que ten unha clara tendencia á hipotaxe a través de estruturas subordinadas que obrigan á anteposición do clítico. Dentro dos casos analizados que presentaban erros, 82 eran confusión de énclise por próclise e 74 subordinadas pospostas despois de pausa. Fronte a visión habitual sobre a problemática para a colocación do pronome só o 9,9% dos casos analizados presentaban diverxencias e destes o 4,1% serían

aceptables na lingua oral. Xa que logo, non semella, canto menos nas probas ABAU, unha das desviacións máis habituais e problemáticas.

O profesor e investigador Francisco Cidrás realizou un estudo sobre as desviacións na escrita no que atinxe ao plano da concordancia e que titulou «Sempre concordamos co que pensamos. Unha aproximación á análise da concordancia baseada nos erros». O traballo iníciase cunha reflexión sobre o ensino da sintaxe nas aulas dende o enfoque comunicativo e sobre a finalidade da mellora de comprensión e expresión que debe ter o ensino de linguas. Alén disto, tamén se achegan comentarios sobre a importancia da concordancia nas linguas flexivas como estratexia de recuperación referencial cunha importancia vital no acto comunicativo. Malia a súa importancia, a concordancia é un dos procesos de marcación que contén maior risco potencial de erro. Cidrás detecta un total de 1159 casos de concordancia problemática sendo maioritariamente os que afectan ao número con 854 exemplos (73,69%) fronte a xénero 263 (22,69%) e persoa 42 (3,62%). Un dos escenarios máis interesantes e reiterados é a incongruencia (morfolóxica que non semántica) entre unha forma singular que designa colectividade (*xente*) ou outras entidades nin humanas nin sexuadas como *cacería*. Conclúe o artigo apelando á necesidade dunha aprendizaxe baseada na intuición e acompañada dunha análise reflexiva que fuxa de modelos memorísticos tradicionais.

O quinto dos capítulos do volume «Procedementos de xeneralización e marcado da implicación no corpus *CORTEGAL*: entre a linguaxe académica e o rexistro coloquial» está dedicado á adecuación e ao nivel de expresión da implicación por parte do alumnado na elaboración dos seus textos. Carme Silva-Domínguez inicia o seu artigo introducindo o concepto de adecuación e amosando o grao de desaxentivización, despersonalización ou impersonalización que presentan moitos dos textos que conforman o corpus *CORTEGAL*. A través dunha análise cualitativa e cuantitativa amosa que as expresións colectivas a través da P4 dos verbos poderían deberse a unha menor implicación ou unha necesidade de facer valer a subxectividade da opinión persoal como tendencia xeral. O uso da P1 é a marca directa de subxectividade pero tamén de implicación coa opinión persoal; é interesante a presenza do pronome *eu* un total de 174 veces nos textos analizados. Pola contra tamén se detectan usos de P2 ligados a usos inadecuados para o grao de formalidade esperado para esta proba. Outros procedementos que pretenden encubrir a P1 que teñen presenza no corpus (aínda que son pouco rendibles) son pronomes como *un* (ou expresións como *cada un*) ou *cadaquén*. Unha das eivas que detecta a autora é o uso da voz pasiva, que, a pesar de ter pouca frecuencia, adoita ser empregada de xeito incorrecto. Para finalizar, Silva-Domínguez invita a repensar sobre a didáctica da adecuación nas aulas nun intento de evitar a pobreza léxica e comunicativa que detecta no alumnado de secundaria de Galicia.

Pecha o volume o traballo de Vitor Míguez titulado «A expresión da incerteza nos textos de *CORTEGAL*: un achegamento paradigmático». O investigador afonda na construción dos textos argumentativos que esixen crear argumentos a partir dunha postura propia. Non obstante, en moitos casos o alumnado expresa a súa

opinión a través de fórmulas que implican maior incerteza ou (inter)subxectividade como o uso do verbo *poder* ou *crer* ou incluso de formas adverbiais como *quizais*. A partir de Nuyts, Míguez analiza diferentes expresións de incerteza que implican maior subxectividade para expresar a elección particular ou pasan a un plano intersubxectivo para diluír a opinión individual como opinión de grupo. Ante 568 expresións de dúbida empregáronse estruturas con adverbios, adxectivos, auxiliares modais ou verbos cognitivos. As estruturas menos produtivas foron as que construían a opinión a partir de adxectivos, así como adverbios e auxiliares que adoitan estar relacionados coa introdución de información secundaria. Pola contra, para expresar a dúbida subxectiva o alumnado empregou con máis frecuencia os verbos de pensamento *crer* e *pensar*. O artigo resulta complexo pola gran carga teórica que é precisa para comprender a totalidade da exposición; así as cousas, conclúe facendo unha recomendación que dirixe ao profesorado sobre a necesidade de traballar con outras estruturas e expresións lingüísticas na procura dun discurso variado e propio.

En conclusión, consideramos que este volume é fundamental para sermos conscientes das principais eivas que o alumnado de secundaria ten ao finalizar esta etapa educativa no uso do galego estándar. Por isto, cremos que a obra debe ser un punto de partida para a elaboración de materias didácticos concretos que busquen mellorar estas desviacións. O corpus *CORTEGAL* debe ser unha ferramenta fundamental para o que profesorado de Bacharelato sexa consciente da recorrencia de problemáticas na expresión escrita como a puntuación, acentuación ou interferencias léxicas.

Alejandro Solla Alonso
sollaalonso@edu.xunta.gal